

"LANZADEIRAS LUGO"

Programas Eduemprende. Curso 2021/2022.

O programa Lanzadeiras Lugo desenvólvese dentro do Plan Eduemprende do Sistema Educativo de Galicia, que supón unha aposta clara e firme pola implantación na comunidade educativa nos niveis non universitarios da cultura emprendedora. Lanzadeiras Lugo establécese dentro dun ámbito de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Fundación Alcoa para promover o espírito emprendedor e promover a innovación e o emprendemento do sistema educativo co obxectivo de potenciar as competencias profesionais, sociais e persoais do alumnado.

Trátase dun programa que busca un avance no desenvolvemento do espírito emprendedor no alumnado favorecendo a adquisición de hábitos e condutas emprendedoras.

OBXECTIVOS

O programa Lanzadeiras Lugo dirixido á creación de miniempresas educativas en centros públicos de ensino non universitario dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade na provincia de Lugo, durante o curso escolar 2021/2022.

Con este programa preténdese lograr os seguintes obxectivos:

1. Transmitir a cultura emprendedora ao alumnado da provincia de Lugo.
2. Concienciar ao alumnado da opción profesional "por conta propia".
3. Proporcionar ao alumnado unha formación específica e práctica sobre como poñer en marcha unha empresa.

4. Promover o desenvolvemento de habilidades persoais relacionadas co espírito emprendedor.
5. Inculcar a cultura emprendedora desde as etapas iniciais da ensinanza.
6. Organizar actividades baseadas na aprendizaxe a través da práctica, incidindo nas habilidades e destrezas do alumnado.
7. Fomentar activamente a creación de miniempresas educativas nos centros educativos, reproducindo de forma realista o funcionamento das empresas.
8. Sensibilizar á comunidade educativa da importancia de construír e fomentar a cultura emprendedora.
9. Dar a coñecer á sociedade este tipo de actuacións.

DESTINATARIOS

Centros educativos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da provincia de Lugo con alumnado de 6º de primaria, 1º, 2º, 3º e 4º de ESO, Bacharelato e Formación Profesional.

ACTIVIDADES

- **FASE 1 : DESENVOLVEMENTO MINIEMPRESA**

Os centros participantes no proxecto participarán na posta en marcha e funcionamento de miniempresas educativas nas que impliquen a participación de alumnado e profesorado do centro.

Un dos profesores/as participantes no proxecto asumirá as funcións de coordinador/a do proxecto, co fin de asegurar o contacto e a comunicación regular entre todos os participantes, promover unha colaboración eficaz e facilitar a distribución e realización do traballo en

equipo. O resto do profesorado participante no programa será profesorado colaborador.

Tanto o profesorado coordinador como colaborador implicado nos proxectos seleccionados recibirá formación e asesoramento especializado para o desenvolvemento do mesmo.

Os proxectos seleccionados serán obxecto de financiación con carga á achega da Fundación Alcoa. O orzamento estará condicionado ao ingreso e xeración de crédito por parte da Fundación ALCOA.

• **FASE 2 : CONCURSO MINIEMPRESAS LUGO**

Os proxectos seleccionados no programa deberán participar no Concurso Miniempresas Lugo 2021/2022. O Concurso Miniempresas Lugo 2021/2022, consiste na presentación da miniempresa, definindo, describindo, ou explicando a súa creación. O proxecto da presentación da miniempresa será en formato audiovisual e non deberá exceder os 5 minutos, podendo empregar para reforzar os contidos, no caso que se crea preciso, outros formatos: diapositivas, pósters, debuxos, fotografías e colaxes.

O proxecto da presentación da miniempresa deberá detallar polo menos os seguintes puntos:

1. Nome comercial
2. Descrición da actividade da empresa
3. Organigrama
4. Sector de referencia
5. Localización
6. Organización
7. Beneficios para a contorna

Para a súa entrega remítaranse instrucións aos centros seleccionados antes do 20 de maio do 2022.

Os proxectos premiados no Concurso Miniempresas Lugo 2021/2022, serán premiados con:

PREMIO	IMPORTE
1º PREMIO	2500 €
2º PREMIO	1500 €
3º PREMIO	1000 €

SOLICITUDES

As solicitudes enviaranse, dende a conta de correo corporativa do centro, a solicitudes.eduemprende@edu.xunta.gal co seguinte asunto: "Solicitud programa Lanzadeiras 2021-2022", conforme ao Anexo I.

Os centros solicitantes deberán presentar, xunto coa solicitude (Anexo I), unha descrición do proxecto seguindo os apartados establecidos a continuación. A extensión máxima será de 20 páxinas, en formato DIN A4, letra Arial tamaño 12 e interliñado sinxelo. Os proxectos deberán estar redactados en galego.

Apartados dos proxecto:

- Nome da miniempresa
- Breve definición
- Obxectivos
- Fases
- Proxecto de orzamento
- Selección dos participantes
- Organigrama
- Avaliación
- Participación da comunidade educativa
- Difusión do proxecto

Cada centro educativo poderá presentar máis dun proxecto, por cada proxecto hai que presentar unha solicitude, segundo o Anexo I, onde se indicarán, para cada caso, os datos de contacto da persoa coordinadora da iniciativa no centro e o número de alumnado participante en cada nivel.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación da

convocatoria no Portal Educativo:
<https://www.edu.xunta.gal/fp/>.

SELECCIÓN DOS CENTROS

Para a selección de centros formarase unha comisión de avaliación integrada polos seguintes membros:

- A persoa titular da Subdirección Xeral de Formación Profesional que actuará como presidente/a.
- Xefe/a de servizo da Subdirección Xeral de Formación Profesional.
- Coordinador/a de emprendemento da rede de Centros Integrados de Formación Profesional.
- Asesores/as de emprendemento da Subdirección Xeral de Formación Profesional.

Unha destas persoas asesoras de emprendemento da Subdirección Xeral de Formación Profesional actuará como secretario/a.

Unha vez pechado o prazo de solicitude de participación a comisión de selección avaliará os proxectos presentados en tempo e en forma, segundo os seguintes criterios ata un máximo de 10 puntos:

- Carácter innovador do proxecto (2 puntos).
- Implicación de diferentes áreas, materias ou módulos do niveis educativos implicados no proxecto (2 puntos).
- Planificación e viabilidade do proxecto (2 puntos).
- Plan de difusión (2 puntos).
- Plan de avaliación do cumprimento dos obxectivos establecidos no proxecto (2 puntos).

Serán seleccionados para participar no programa aqueles proxectos que acaden unha puntuación mínima de 5 puntos.

Tendo isto en conta, a comisión de selección, unha vez valorados os proxectos presentados, realizará unha proposta de resolución desta convocatoria, que elevará ao Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional, quen ditará resolución.

A comisión de avaliación ten facultades para tomar todas as decisións que estime oportunas sobre a selección de centros para a viabilidade e sustentabilidade do programa Lanzadeiras Lugo.

CERTIFICACIÓN DO PROFESORADO

O traballo realizado polo profesorado coordinador e colaborador deste programa nos centros seleccionados será recoñecido pola Administración Educativa como actividades de innovación educativa cunha equivalencia de 30 horas e 20 horas respectivamente.

Unha vez rematado o programa e antes do 15 de xuño do 2022 debe remitirse a memoria final, seguindo as instrucións para o seu envío que serán remitidas aos centros seleccionados.

Para o recoñecemento como actividade de innovación educativa, será necesario o envío e valoración positiva da memoria e unha certificación da dirección do centro na que figure o profesorado coordinador do programa e colaboración así como as funcións realizadas.

TEMPORALIZACIÓN

As actividades do Programa Lanzadeiras Lugo desenvolverase ao longo do curso escolar 2021/2022, temporalización que, ao igual que a metodoloxía do programa, se adaptará tendo en conta calquera circunstancia sobrevida de forza maior.

ORZAMENTO

O importe total destinado para esta convocatoria será de 63.594,42 € con cargo á aplicación orzamentaria 10.30.422M.640.13 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, dos orzamentos de 2022.

- 58.594,42 € para os gastos de desenvolvemento de proxectos de miniempresas nos centros educativos (fase I do programa), financiando un mínimo de 15 proxectos de miniempresa.
- 5.000 € para os centros premeiados no concurso Miniempresas Lugo 2021/2022.

PREMIO	IMPORTE
1º PREMIO	2500 €
2º PREMIO	1500 €
3º PREMIO	1000 €

PAGAMENTO

O importe da achega económica pola participación no programa será transferido ao centro educativo participante nun pago único, no período correspondente ao exercicio económico 2022.

Os proxectos seleccionados recibirán un aporte económico que poderá ser inferior ao orzamento presentado. O orzamento de cada proxecto non superará os 3.900 euros.

Os gastos teñen que imputarse na súa totalidade antes do 15 de xuño de 2022.

No caso dos centros gañadores do concurso, o importe do premio será transferido ao centro educativo gañador nun pago único ao longo do exercicio económico 2022.

Os centros xustificarán os gastos de acordo co establecido no Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios e na orde de 12 de xaneiro de 1988, pola que se regula a aprobación e xustificación de gastos de funcionamento dos centros docentes públicos non universitarios, no que non se opoña ao mesmo segundo establece a disposición transitoria do mencionado decreto. A xustificación consiste na presentación da xestión do orzamento referida ao 31 de decembro de 2022, informada polo Consello Escolar ou Consello Social do centro e aprobada polo/a director/a mediante o anexo a) segundo o modelo facilitado pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

Os xustificantes orixinais e demais documentos acreditativos dos pagamentos realizados, quedarán baixo custodia e responsabilidade do secretario ou persoa que asuma as súas funcións e a disposición da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e dos órganos de control financeiro da Comunidade Autónoma para a realización das comprobacións oportunas no ámbito das súas respectivas competencias.

Ademais, os centros presentarán na Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional a xustificación destes gastos cando se requira.

XUSTIFICACIÓN

O centro educativo participante debe remitir a memoria final antes do 15 de xuño á Secretaría Xeral de Educación e

Formación Profesional, seguindo as instrucións para o seu envío que serán remitidas aos centros seleccionados.

A non entrega da memoria final do proxecto, no prazo indicado poderá ser causa de revogación das cantidades asignadas, debendo proceder ao reintegro da cantidade percibida, sen prexuízo das responsabilidades que se lle poidan exixir.

MEMORIA FINAL

A memoria final deberá recoller o traballo realizado co alumnado participante e que debe recoller e seguir o seguinte guión:

1. Presentación da miniempresa
 - 1.1. Nome da empresa
 - 1.2. Forma xurídica
 - 1.3. Data de constitución
 - 1.4. Sector da actividade
 - 1.5. Breve resumo
2. Actividades realizadas
 - 2.1. Organización e desenvolvemento
3. Resultados obtidos
 - 3.1. Relación dos resultados
 - 3.2. Valoración dos resultados
4. Xestión económica
5. Conclusións

As memorias deberán estar redactados en galego con formato DIN A4, letra Arial tamaño 12 e interliñado sinxelo.